

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



INFORME SOBRE A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DO SOBRE B, PRESENTADAS AO CONTRATO "SUM 08/2024 - Contrato dos servizos de conservación, mantemento, reposición e traballos de sinalización horizontal e vertical na rede viaria do Concello de Carballo"

José Manuel Facal Fariña, Enxeñeiro Municipal do Concello de Carballo, unha vez examinadas as ofertas presentadas para o subministro que se indica no encabezamento, emite o seguinte informe:

INFORME:

1. OBXECTO:

Trátase de informar as referencias técnicas conforme aos criterios que se establecen no apartado 7 do cadro de características do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) e no apartado 21.1 PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS redactado polo técnico que subscribe, que rexen para a contratación mediante procedemento aberto do Contrato administrativo de subministro denominado "Contrato dos servizos de conservación, mantemento, reposición e traballos de sinalización horizontal e vertical na rede viaria do Concello de Carballo" cun prezo total de licitación de 200.000 € (bianaual).

2. REFERENCIAS TÉCNICAS- EMPRESAS LICITADORAS:

Examinouse a documentación presentada no sobre "B" polas empresas:

- API Movilidad, S.A.
- Aceinsa Movilidad, S.A.
- Señalizaciones Norte, S.L.
- Proseñal, S.L.U.

Para realizar a valoración das referencias técnicas tivéronse en conta os criterios que constan no Apartado 21.1 do PPT e no apartado 7 do cadro de características do PCAP que se transcriben a continuación:

- **MEDIOS HUMANOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS (Ata 30 puntos)**
As empresas indicarán o persoal mínimo do que dispoñerán para a prestación do servizo, indicando número e categoría profesional e terase en conta o dimensionamento dos equipos de traballo participantes. Todo persoal asignado entenderase que terá unha dedicación ao 100% no momento da realización das actuacións e así se esixirá
- **MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA: Ata 10 puntos.**
As empresas deberán relacionar os medios auxiliares, vehículos e maquinaria que poñan ao dispor para a realización dos traballos.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- **MEMORIA DE REALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS: Ata 20 puntos**

Unha memoria explicativa/descriptiva onde se detallará a forma e orde de execución dos traballos, que reflecta a continuidade e coordinación cos medios propostos nos apartados anteriores, así como a definición dos materiais, provedores, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra. Así como un plan de mantemento da sinalización vertical. Esta memoria servirá de base para explicar en que se fundamenta a maneira de xestionar, programar, controlar e executar os traballos obxecto do contrato.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes subcriterios:

- *Memoria explicativa/construtiva para xestionar, programar e controlar os traballos (ata 5 puntos).*
- *Relación das unidades ou partes dá obra que realizará mediante subcontratación (ata 3 puntos).*
- *Condicionantes que afecten as obras, desvíos provisionais, medidas de sinalización e seguridade previstas (ata 3 puntos).*
- *Plan específico de mantemento e limpeza da sinalización vertical (ata 3 puntos).*
- *Memoria explicativa para a elaboración e mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, sistema a empregar (ata 6 puntos).*
- *Descrición do servizo de atención durante o período de garantía da instalación, ata un máximo de 2 puntos.*

Realizándose por comparación entre as documentacións achegadas polos diferentes licitadores, e asignando a distribución da puntuación de maneira proporcional en todos os criterios de valoración enunciados, atribuíndolle a cualificación de:

- **Moi boa:** cando o estudo e proposta en relación co aspecto para valorar sexa detallado, preciso e moi ben definido, e ademais propoñan medidas de actuación ben definidas, adecuadas e que melloren as características esixidas polo ppt e/o teñan carácter innovador.

- **Boa:** cando o estudo e proposta en relación co aspecto para valorar sexa adecuado e ben definido e propoñan algunhas medidas de actuacións correctamente definidas, adecuadas e/o innovadoras.

- **Regular:** cando o estudo e proposta en relación co aspecto para valorar sexa adecuado pero pouco preciso e non se propoñan actuacións que melloren o ppt.

- **Mala:** cando o estudo e proposta en relación co aspecto para valorar sexa inadecuado e/o insuficiente, sendo difícil comprobar o cumprimento dos mínimos esixidos polo ppt.

- **Moi mala:** cando o estudo e proposta en relación co aspecto para valorar sexa inadecuado, insuficiente e do mesmo despréndase que a proposta non cumpriría os mínimos esixidos polo ppt.

Corresponderá:

- a máxima puntuación na valoración de cada aspecto á oferta que reciba a cualificación de “moi boa”;
- da máxima a $\frac{3}{4}$ desta puntuación á considerada como “boa”,
- de $\frac{3}{4}$ á metade á cualificada como “regular”,
- da metade a $\frac{1}{4}$ dos puntos á cualificada como “mala”, e
- de $\frac{1}{4}$ a cero puntos á cualificada como “moi mala”.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



3. ANÁLISE DAS OFERTAS PRESENTADAS:

3.1. API Movilidad, S.A.

Número de páxinas correcto 52 (1 portada + 1 índice)

- ✓ MEDIOS HUMANOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS (Ata 10 puntos)

Propón un equipo de traballo formado por 3 traballadores adicados ao 100%, co apoio dun técnico titulado como interlocutor.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 7,5 puntos.

- ✓ MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA: Ata 10 puntos.

Propón os medios auxiliares, os vehículos e maquinaria de xeito correcto e suficiente para atender todas as necesidades do contrato.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 7,5 puntos.

- ✓ MEMORIA DE REALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS: Ata 20 puntos

- *Memoria explicativa/construtiva para xestionar, programar e controlar os traballos (ata 5 puntos).*

Achega unha memoria explicativa moi completa facendo mención entre outros a:

- ◆ *A fabricación propia de sinalización vertical e balizamento.*
- ◆ *Aos sistemas técnicos e aplicacións informáticas para a xestión do contrato. Sistema GIS, Inventario, Ordes de traballo, partes de traballo, informes, certificacións e facturación, etc., Deseño de sinalización e cartelaría. Cálculo de estruturas de sinalización vertical.*
- ◆ *Materiais a empregar no contrato. Provedores.*
- ◆ *Descrición dos procesos construtivos.*
- ◆ *Xestión, programación e control dos traballos. Definindo prazos, elaboración de informes, etc.. Aseguramento da calidade, PPIS, Xestión Medioambiental e xestión de residuos e Plan de prevención RL.*
- ◆ *Control dos traballos, inspección e inventario e detección de anomalías, así como a descrición do programa de mantemento segundo as aplicacións informáticas sinaladas.*

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 5 puntos.

- *Relación das unidades ou partes dá obra que realizará mediante subcontratación (ata 3 puntos).*

Sinala que non subcontratará ningunha das labores incluídas no contrato, o que non crea dependencias de terceiros.

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



PUNTUACIÓN: 3 puntos.

- *Condicionantes que afecten as obras, desvíos provisionais, medidas de sinalización e seguridade previstas (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta completa dos condicionantes que poden afectar ás obras, así como numerosos exemplos de como actuar ante posibles situacións e os medios provisionais a utilizar. A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 3 puntos.

- *Plan específico de mantemento e limpeza da sinalización vertical (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta onde se farán labores de inspección mensuais e se actuará en consecuencia para dar solución ás incidencias detectadas.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 2,25 puntos.

- *Memoria explicativa para a elaboración e mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, sistema a empregar (ata 6 puntos).*

Realiza unha proposta unha proposta exhaustiva da implantación do sistema de mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, que se apoiará nunha ferramenta informática específica para este fin.

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 6 puntos.

A PUNTUACIÓN TOTAL ACADADA POLO LICITADOR É DE: 34,25 puntos.

3.2. Aceinsa Movilidad, S.A.

Número de páxinas correcto 53 (1 portada + 2 índice)

- ✓ MEDIOS HUMANOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS (Ata 10 puntos)

Propón un equipo de traballo formado por 2 traballadores, máis unha xefa de Obra e un inspector delíñante adicados ao 100%, co apoio do resto da empresa, en tarefas de reforzo.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 8 puntos.

- ✓ MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA: Ata 10 puntos.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Propón os medios auxiliares, os vehículos e maquinaria de xeito correcto e suficiente para atender todas as necesidades do contrato.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 8 puntos.

✓ MEMORIA DE REALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS: Ata 20 puntos

- *Memoria explicativa/construtiva para xestionar, programar e controlar os traballos (ata 5 puntos).*

Achega unha memoria explicativa completa facendo mención entre outros a:

- ◆ *Á xestión e organización dos traballos. Aseguramento da calidade, Xestión Medioambiental e xestión de residuos, Plan de prevención RL e de igualdade.*
- ◆ *Programación dos traballos, Mantemento preventivo, correctivo, programado e novas implantacións.*
- ◆ *Control dos traballos con ferramentas informáticas baseadas nas aplicacións de google, con descrición da metodoloxía a empregar.*
- ◆ *Materiais a empregar no contrato. Provedores.*

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 4 puntos.

- *Relación das unidades ou partes dá obra que realizará mediante subcontratación (ata 3 puntos).*

Sinala que non subcontratará ningunha das labores incluídas no contrato, o que non crea dependencias de terceiros.

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 3 puntos.

- *Condicionantes que afecten as obras, desvíos provisionais, medidas de sinalización e seguridade previstas (ata 3 puntos).*

Fai mención á sinalización provisional, ás reservas de espazos para os traballos, os vehículos para os traballos, os elementos de protección colectiva e a vestimenta dos traballadores.

A proposta é adecuada e pouco precisa, polo que se pode considerar como regular.

PUNTUACIÓN: 1,5 puntos.

- *Plan específico de mantemento e limpeza da sinalización vertical (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta de actuacións específicas de mantemento, derivadas da programación indicada e describe os procesos de limpeza.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 2,25 puntos.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- *Memoria explicativa para a elaboración e mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, sistema a empregar (ata 6 puntos).*

Realiza unha proposta sinxela sin concretar aspectos clave como os procedementos de inventariado, alta e baixas, responsables, ferramentas a empregar, actualizacións, etc....

A proposta é inadecuada e insuficiente, polo que se pode considerar como mala.

PUNTUACIÓN: 1,5 puntos.

A PUNTUACIÓN TOTAL ACADADA POLO LICITADOR É DE: 28,25 puntos.

3.3. Señalización Norte, S.L.

Número de páxinas correcto 42 (2 índice)

- ✓ *MEDIOS HUMANOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS (Ata 10 puntos)*

Propón un equipo de traballo formado por 5 traballadores, máis unha administrativa adicados ao 100% ao contrato. Existe unha contradición no número de efectivos, entre o redactado e a táboa achegada.

Realiza un dimensionamento de tres equipos de traballo, transporte, sinalización horizontal e sinalización vertical.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 8,5 puntos.

- ✓ *MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA: Ata 10 puntos.*

Propón os vehículos e maquinaria de xeito correcto e suficiente para atender todas as necesidades do contrato, aínda que se esquece dos medios auxiliares.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 7,5 puntos.

- ✓ *MEMORIA DE REALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS: Ata 20 puntos*

- *Memoria explicativa/construtiva para xestionar, programar e controlar os traballos (ata 5 puntos).*

Achega unha memoria explicativa incompleta facendo mención entre outros a:

- ◆ *Á realización do inventario e comprobación do estado da sinalización existente.*
- ◆ *Á organización dos traballos, libro de ordes, partes de traballo e forma de comunicación co concello.*
- ◆ *Descrición do mantemento rutinario, periódico e das actividades a realizar.*
- ◆ *Descrición do procedemento de calidade e cartas de compromiso de provedores.*

A proposta é adecuada e pouco precisa, polo que se pode considerar como regular.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



PUNTUACIÓN: 2,5 puntos.

- *Relación das unidades ou partes dá obra que realizará mediante subcontratación (ata 3 puntos).*

Sinala que non subcontratará ningunha das labores incluídas no contrato, o que non crea dependencias de terceiros.

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 3 puntos.

- *Condicionantes que afecten as obras, desvíos provisionais, medidas de sinalización e seguridade previstas (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta completa dos condicionantes que poden afectar ás obras, así como algún exemplo de como actuar ante posibles situacións e os medios provisionais a utilizar.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 2,25 puntos.

- *Plan específico de mantemento e limpeza da sinalización vertical (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta de actuacións específicas de mantemento, cunha programación coherente baseada nas operacións de mantemento anteriormente sinaladas.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 2,25 puntos.

- *Memoria explicativa para a elaboración e mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, sistema a empregar (ata 6 puntos).*

Realiza unha proposta sinxela sin concretar aspectos clave como: altas e baixas, ferramentas a empregar, actualizacións, etc....

A proposta é adecuada e pouco precisa, polo que se pode considerar como regular.

PUNTUACIÓN: 3,0 puntos.

A PUNTUACIÓN TOTAL ACADADA POLO LICITADOR É DE: 29,0 puntos.

3.4. Proseñal, S.L.U.

Número de páxinas correcto 28 (1portada + 1 índice)

- ✓ MEDIOS HUMANOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS (Ata 10 puntos)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Propón un equipo de traballo formado por dous equipos de 3 traballadores adicados ao 100% ao contrato, co resto da empresa como labores indirectas.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 9,0 puntos.

✓ *MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA: Ata 10 puntos.*

Propón os medios auxiliares, vehículos e maquinaria de xeito correcto e suficiente para atender todas as necesidades do contrato.

A proposta é correcta e adaptada ao PPT, polo que se pode considerar como boa.

PUNTUACIÓN: 7,5 puntos.

✓ *MEMORIA DE REALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS: Ata 20 puntos*

- *Memoria explicativa/construtiva para xestionar, programar e controlar os traballos (ata 5 puntos).*

Achega unha memoria explicativa sinxela facendo mención entre outros a:

- ◆ *Á descrición dos traballos de sinalización horizontal e vertical.*
- ◆ *Xestión e planificación do servizo moi xenérica baseada nas ordes de traballo e partes de traballo.*

A proposta é inadecuada e insuficiente, polo que se pode considerar como mala.

PUNTUACIÓN: 1,5 puntos.

- *Relación das unidades ou partes dá obra que realizará mediante subcontratación (ata 3 puntos).*

Sinala que non subcontratará ningunha das labores incluídas no contrato, o que non crea dependencias de terceiros.

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 3 puntos.

- *Condicionantes que afecten as obras, desvíos provisionais, medidas de sinalización e seguridade previstas (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta referida ás medidas de tráfico rodado, ordenación do tráfico e seguridade e saúde.

A proposta é adecuada e pouco precisa, polo que se pode considerar como regular.

PUNTUACIÓN: 1,5 puntos.

- *Plan específico de mantemento e limpeza da sinalización vertical (ata 3 puntos).*

Realiza unha proposta de actuacións xenérica de mantemento, sen programación baseada nas operacións de mantemento preventivo e correctivo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



A proposta é adecuada e pouco precisa, polo que se pode considerar como regular.

PUNTUACIÓN: 2,25 puntos.

- *Memoria explicativa para a elaboración e mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, sistema a empregar (ata 6 puntos).*

Realiza unha proposta unha proposta exhaustiva da implantación do sistema de mantemento do inventario da sinalización vertical e horizontal, que se apoiará nunha ferramenta informática específica para este fin.

A proposta é correcta e mellora ao PPT, polo que se pode considerar como moi boa.

PUNTUACIÓN: 6 puntos.

A PUNTUACIÓN TOTAL ACADADA POLO LICITADOR É DE: 30,75 puntos.

4. PROPOSTA DE PUNTUACIÓN:

De conformidade co análise das ofertas presentadas que se contén no apartado precedente, faise a seguinte proposta de puntuación (achégase anexo con detalle das puntuacións):

LICITADOR	PUNTUACIÓN
1. API Movilidad, S.A.	34,25
2. Aceinsa Movilidad, S.A.	28,25
3. Señalizaciones Norte, S.L.	29,00
4. Proseñal, S.L.U.	30,75